

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 11 DE MARZO DE 2013.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as once horas do día once de marzo do ano dous mil trece, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo **Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas**, **contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:**

- **D^a. M^a. Montserrat Magallanes Álvarez**
- **D. Miguel A. Español Otero**
- **D^a. Teresa Vicente Baz**
- **D. Manuel Javier Crespo González**
- **D. Antonio Lomba Baz**

Asiste como Secretaria a do Concello Dna. Julia M^a Carrasco Glez.-Alegre.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- APROBACIÓN ACTAS SESIÓN ANTERIORES.-

O Sr. Presidente preguntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer ás actas correspondentes ás sesións celebradas os pasados días 29 de xaneiro e 19 de febreiro de 2013, ó que responden negativamente os concelleiros presentes en cada unha delas polo que as referidas actas foron aprobadas, coa abstención dos concelleiros ausentes en cada unha delas.

PUNTO 2.- ACORDOS

Dase conta do escrito RE 1.211 de data 7 de marzo de 2013, remitido por PORTOS DE GALICIA - ZONA SUR, autorizando a colocación dun banco de granito contra a esquina sureste da nave de redes do porto da Guarda conforme á definición xeométrica aportada por este Concello.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Dase conta do escrito RE 1.268 de data 11 de marzo de 2013, remitido por PORTOS DE GALICIA –ZONA SUR desestimando a solicitude de ocupación de zona portuaria para a celebración dun concerto de rock na rampla de varada do porto da Guarda.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Visto o escrito con RE nº 1.187 de data 06 de marzo de 2013 presentado por CIRCO COLISEO, no que solicita autorización para a instalación do circo no antigo campo de fútbol Santa Trega os días 18 de marzo e 1 de abril de 2013, a Xunta de Goberno Local ACORDA:

- 1.- Autorizar a instalación do circo entre os días 18 de marzo e 1 de abril de 2013 no antigo de campo de fútbol Santa Trega.
- 2.- Comunicarlle ó solicitante que o parque móbil do que dispoñan terá que ser albergado dentro da propia parcela que na instalen a carpa, xa que a rúa Coruña ten que quedar dispoñible para o desenvolvemento do mercadillo o cal xenera problemas de tráfico tamén nas rúas do entorno .
- 3.- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento e para o control da esixencia establecida no punto 2.

Lese o escrito RE 982 de data 25 de febreiro de 2013, presentado por RINGLAND CIRCO solicitando autorización para a representación do seu espectáculo “Festival Musical Infantil Disney” ocupando para elo a explanada xunto a alameda da Guarda os días 1 e 2 de xuño de 2013. Solicitan tamén autorizació para a colocación de publicidade do mesmo.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que para autorizar a instalación de dito espectáculo é necesario que presente neste Concello o permiso do propietario da finca onde pretende ubicarse. No caso de que ese espectáculo fora autorizado por este Concello non poderá facer uso da finca ata as 16 horas do día 1 de xuño.

Dáse conta das cotas que deben pagar os usuarios do servizo de Axuda a domicilio correspondentes o mes de febreiro de 2013 cuio importe total ascende a cantidade de 965,52 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar ditas cotas e dar traslado á tesourería.

Dáse conta da relación dos postos fixos do mercado municipal de A Guarda e das taxas correspondentes ó mes de FEBREIRO DE 2013 que ascenden á cantidade de 1.420,96 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita relación coas taxas correspondentes e dar traslado á Tesourería para o seu cobro.

Lese o escrito RE 1.185 de data 6 de marzo de 2013, presentado por D. José Laureano Álvarez Pereira e D. Carlos Vide Soria, actuando en representación de VESPAMIÑOR SCOOTER CLUB, con enderezo social na rúa Canido, nº 1-baixo de Nigrán, solicitando o acompañamento dunha patrulla da Policía Local da Guarda durante o recorrido polo municipio con motivo do IV Encontro Minho-Galaico de Vespas e Lambretas o día 19 de maio de 2013.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado e dar traslado deste acordo á Policía Local.

Lese o escrito RE 1.182 de data 6 de marzo de 2013, presentado por CLUB DE REMO ROBALEIRA, para informar que día 30 de marzo vai celebrarse no porto de A Guarda a regata XV Bandeira Concello de A Guarda memorial Antonio Torrón, para o que solicitan a colaboración da Policía Local co fin de ordenar o tráfico na zona. Asimesmo, solicitan que se lles facilite un palco cun tolde para situar os árbitros da competición.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado e dar traslado á Policía Local e o responsable do departamento de servizos para que instale o palco.

Lese o escrito RE 904 de data 19 de febreiro de 2013, presentado por D. JAVIER BAZ ALVAREZ, con enderezo na rúa Subida ó Torroso, nº 1 de A Guarda, en representación da Comisión de Festas da Pascua de Buxán, solicitando 20 vallas, 6 contenedores de lixo, mesas, limpeza da praza, unhas planchas de metal e permiso para cortar diversas rúas dende o venres ata o luns con motivo da celebración da festa entre os días 29 e 31 de marzo. Asimesmo solicitan autorización para o uso do campo de fútbol da Sangriña o 29 de marzo para a disputa dun partido.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado excepto ao uso do campo de fútbol municipal municipal da Sangriña xa que nesa data está ocupado para a disputa de torneos infantís..

Visto o Plan de Ocupación de Servizos de Temporada do Concello da Guarda para o ano 2013 seguinte,

SOLICITANTE	UBICACIÓN	SUPERFICIE	TIPO DE INSTALACIÓN
Concello da Guarda C.I.F. P-3602300J	Praia do Muiño	6 m ²	Caseta
Concello da Guarda C.I.F. P-3602300J	Praia da Lamiña	6 m ²	Torre-quiosco
Restaurante Bahía C.I.F. B-36263317	Rúa Fernandez Albor	50 m ²	Terraza

Informar favorablemente e polo tanto aprobar este Plan de Ocupación de Servizos de Temporada remitíndoo ó Servizo Provincial de Costas para a súa tramitación.

Remitir dito Plan de Ocupación á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para que emitan o informe correspondente por tratarse dunha zona de protección medioambiental.

Lese o escrito RE 258 de data 17 de xaneiro de 2013, presentado por D. OLIVIO FERNANDEZ VICENTE, con enderezo na rúa Coruto Vello, nº 50 da Guarda, solicitando que se lle emita o recibo de auga do obxecto tributario Coruto Vello, nº 48 correspondente o 3º trimestre de 2012 por unha media ponderada, dado que se produxo unha avaría que foi imposible detectar.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do fontaneiro municipal, acorda dar traslado á xestión tributaria para que anule o recibo anterior e emita un novo para o 3º trimestre de 2012 pola media ponderada de consumo.

Lese o escrito RE 233 de data 16 de xaneiro de 2013, presentado por D. JOSUÉ BAZ VICENTE, actuando en representación de ART CAFÉ, C.B., con enderezo na Praaa do Reló, nº 6-baixo da Guarda, solicitando a revisión do contador de consumo de auga do local que rexenta, dado que se produxo unha avaría que foi imposible detectar.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do fontaneiro municipal, acorda dar traslado á xestión tributaria para que emita uns recibos novos para o 3º e 4º trimstre de 2012 pola media ponderada de consumo.

Lese o escrito RE 983 de data 25 de febreiro de 2013, presentado por D. MANUEL MARTINEZ PENIZA, en calidade de Presidente e representante legal do equipo de fútbol feminino C.U.D. Unión Guardesa, con enderezo social na rúa Bouzó, nº 12-2º da Guarda, solicitando autorización para dispoñer do Campo de Fútbol Municipal da Sangriña con motivo da disputa dun partido entre a Selección Absoluta Galega de Fútbol Feminino e unha selección do Baixo Miño o vindeiro día 16 de xuño.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado.

Dase conta do escrito RE 1.009 de data 26 de febreiro de 2013, remitido por AUGAS DE GALICIA comunicando a este Concello que o rendemento do equipo de desinfección da EDAR da Guarda é deficiente e que é necesario que realicen unha revisión completa de dito equipo.

A Xunta de Goberno Local sinala que xa foi notificada á empresa concesionaria para que leve a cabo a revisión do equipo.

Lese o escrito RE 310 de data 22 de xaneiro de 2013, presentado por DNA. CONSUELO CASTRO ALVAREZ, con enderezo na rúa Donantes de Sangue, nº 10 da Guarda, solicitando que se lle emita un novo recibo corrixido de consumo de auga municipal relativo ao 3º trimestre de 2012, xa que houbo un erro na lectura.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da empresa encargada da lectura dos contadores, acorda que se emitan novos recibos respecto do 3º e 4º trimestres de 2012 dando traslado deste acordo a Xestión Tributaria e ao departamento de Tesoureiría municipal.

Neste momento abandona a sesión o Sr. Lomba Baz.

Dase conta do escrito do Asesor Xurídico do Concello comunicando os autos dictados o 14 de febreiro de 2013 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra nas pezas separadas de execución de sentencias nº 39, 40 e 41/12 dimanantes dos autos dos recursos contencioso-administrativos nº 300, 301 e 299/02 entablado pola Xunta de Galicia contra o Decreto 258/02 do Alcalde do Concello da Guarda e contra os acordos da Xunta de Goberno Local da Guarda polos que se concedeu licenza de obras para vivenda unifamiliar a Dña. Mª José Rodríguez Campo, D. José Vicente Ferreira e Sr. Cividanes Franco, respectivamente.

A Xunta de Goberno Local, visto dito informe, dase por enterada do contido dos tres autos de 14 de febreiro de 2013, e ACORDA que se leven a cabo, en execución das referidas sentenzas, os trámites tendentes a resolver os expedientes de responsabilidade patrimonial plantexados polos titulares das vivendas como paso previo a súa demolición nos termos expostos.

Dase conta do escrito do Asesor Xurídico do Concello comunicando a sentenza dictada o 24 de xaneiro de 2013 pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de apelación nº 4273/12 entablado polo Concello da Guarda e a Entidade Unifamiliares de Bouzas, S.L. contra a sentenza dictada o 13 de febreiro de 2012 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra nos autos do recurso contencioso-administrativo nº 364/10 entablado por D. Eulogio P. Abeleira Cabaleiro contra a desestimación presunta das solicitudes con entrada o 9 de xuño e 8 de outubro de 2007 formuladas polo recurrente interesando a suspensión dos efectos de dúas licenzas de obras concedidas o 27 de decembro de 2006 a Unifamiliares de Bouzas, S.L. e o 28 de setembro de 2007 a Promomiño 2006, S.L., e a súa remisión ao orde contencioso-administrativo para a súa anulación, así como a revisión de oficio.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido da sentenza e, visto dito informe, ACORDA entablar contra a mesma incidente de nulidade de actuacións ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e, en caso de ser rechazado, entablar recurso de amparo contra a mesma ante o Tribunal Constitucional.

PUNTO 3.- OBRAS MENORES

Asiste o funcionario do Concello D. Jose M^a Álvarez Álvarez

A Xunta de Goberno Local, tralo informe do técnico municipal, co orzamento fixado por este e conforme ó que xa foron ingresados nas arcas do Concello os correspondentes impostos e taxas locais, pola unanimidade dos presentes, e sen prexuízo de terceiros, acordou acceder á realización da obra que se sinala, non podendo iniciarse as obras ata que o técnico municipal as inspeccione previamente, debendo avisalo solicitante ó Concello con antelación suficiente.

A CONSTRUCCIONES JOSÉ Y MANUEL, S.L., R.E. Nº. 239 DE DATA 16 DE XANEIRO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE CARRETERA CAMPOSANCOS Nº. 89 DE A GUARDA-C.P. 36788, PARA AMPLIACIÓN E REFORMA DE PORTAL DO GARAXE DA VIVENDA UNIFAMILIAR PROPIEDAD DE D. CÁNDIDO VERDE ANDRÉS SITA NA RÚA DE MURO Nº. 4 DE A GUARDA, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 5 DO P.X.O.U.).

A CONSTRUCCIONES ROSIAN, C.B., R.E. Nº. 920 DE DATA 20 DE FEBREIRO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE TOLLO-GOIÁN Nº. 122 DE TOMIÑO-C.P. 36750, PARA REPARAR FACHADA CONSISTENTE NA INSTALACIÓN DUNHA PLATAFORMA PARA TAPAR GREAS DO EDIFICIO SITO NA RÚA DE TRANSVERSAL TRONCOSO Nº. 9, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

A D^a. VANESA DOMÍNGUEZ DA CUÑA, R.E. Nº. 793 DE DATA 11 DE FEBREIRO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE COTRO-PIÁS Nº. 12 DE O ROSAL-C.P. 36770, PARA ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA ACTIVIDADE DE PERRUQUERÍA E INSTITUTO DE BELEZA SITO NA RÚA DE JOSÉ MARÍA SESTO Nº. 6-BAIXO, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE "A GÁNDARA" DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

A D^a. MARÍA ASUNCIÓN ALONSO MARTÍNEZ, R.E. Nº. 871 DE DATA 18 DE FEBREIRO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE OLIVA Nº. 52 DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 26,45 M². CONSISTENTE NA SUBSTITUCIÓN DA TELLA PLANA E BARDOS DE FORMIGÓN POR PLANCHAS DE FIBROCEMENTO E TELLA CURVA DO PAIS SUXEITA CON GANCHOS INOX. E FORMACIÓN DE CUMBREIRAS E REMATES LATERAIS DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE OLIVA Nº. 52, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

A D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ SOUTO, R.E. Nº. 1.078 DE DATA 1 DE MARZO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE VILAR DE MATOS Nº. 8 (FORCADELA) DE TOMIÑO-C.P. 36730, PARA REPICADO DE ALICATADO DA FACHADA, LUCIDO E PINTADO DOS ENTREPANOS, ENMARCADO EN GRANITO DUNHA FIESTRA, E COLOCACIÓN DE FAIXA DE GRANITO NA ESQUINA DA VIVENDA SITA NA RÚA DE MALTESES Nº. 86, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 5 DO P.X.O.U.).

A D. DOMINGOS CIVIDANES FRANCO, R.E. Nº. 1.088 DE DATA 1 DE MARZO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE REDONDIÑA-A GÁNDARA Nº. 5 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA DEMOLICIÓN PARCIAL DE MURO DE MAMPOSTERÍA REBAIXANDO A PARTE ALTA POR PERIGO DE DERRUME Ó CAMIÑO, DA PARCELA Nº. 157 DO POLÍGONO Nº. 2 DO CATASTRO DE RÚSTICA, SITA NO LUGAR DE "AS LOUCENZAS", EN SOLO NON URBANIZABLE DE PROTECCIÓN PAISAXÍSTICA (ORDENANZA Nº. 14 DO P.X.O.U.).

PROHÍBESE EXPRESAMENTE OBRAS DE REPARACIÓN DO MURO OU DE MELLORA DO MESMO.

A D. LUIS DE LORENZO SANCHEZ, R.E. Nº. 1.156 DE DATA 5 DE MARZO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE OUTEIRO Nº. 26 DE A GUARDA-C.P. 36788, PARA REALIZAR SOLEIRA DE FORMIGÓN ARMADO NUNHA SUPERFICIE DE 40,00 M². CON MALLAZO DE 5 MM. E BORDES PERIMETRADOS, CONFORMAR DIVISIÓNS DO CUARTO DE CALDEIRAS E LAVANDERÍA E INSTALAR 3 FIESTRAS DE ALUMINIO NO BAIXO DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE OUTEIRO Nº. 26, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "CAMPOSANCOS" (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

A D^a. FLORINDA SOBRINO BARBOSA, R.E. Nº. 1.178 DE DATA 6 DE MARZO DE 2013, E CON DOMICILIO NA RÚA DE GALICIA Nº. 33 DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA REPARAR PARTE DO TELLADO NUNHA SUPERFICIE DE 30,00 M². CONSISTENTE EN SUBSTITUIR A TELLA EXISTENTE POR OUTRA TELLA MIXTA COLOCADA SOBRE RASTRELES, DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE GALICIA Nº. 33, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

PUNTO 4.- OUTRAS INSTANCIAS DE URBANISMO

Dase conta do escrito RE 892 de data 19 de febreiro de 2013, presentado por UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, con enderezo a efectos de notificación na Estrada de Madrid, nº 24 de Vigo (CP 36214), solicitando autorización para substituir un apoio deteriorado na rúa Tabolado, nº 25 sito na vía pública.

A Xunta de Goberno Local acorda autorizar dita substitución.

Dase conta do escrito RE 19 de data 3 de xaneiro de 2013, presentado por D. INDALECIO RODRÍGUEZ RODRIGUEZ, con enderezo na ruá Tomiño, nº 1-3ºD da Guarda, solicitando autorización para retirar os restos dun muro derribado na rúa 1ª Transversal Coruto Vello da súa propiedade.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

PUNTO 5.- PROXECTO DE SEGREGACIÓN DE PARCELA SITA NA RÚA DE FRANCISCO LOMBA TRIGO N.º. 12, A INSTANCIA DE D.ª. CARMEN PEREIRA GONZÁLEZ.

Pásase a dar conta da solicitude con rexistro de entrada co núm. 7.401 de data 23 de novembro de 2012, a instancia de **D.º. CARMEN PEREIRA GONZÁLEZ** e con domicilio na rúa de Francisco Lomba Trigo n.º. 12 de A Guarda-C.P. 36789, quen presenta proxecto técnico redactado polo arquitecto D. Alejandro Rodríguez González para **"SEGREGACIÓN DE PARCELA"**, sita na rúa de Francisco Lomba Trigo n.º. 12.

INFORMES: INFORME TÉCNICO 23-01-2013:

1.- DOCUMENTOS:

1.1.- Proxecto de segregación de fincas a nome de Dna. Carmen Pereira González, redactado polo arquitecto D. Alejandro Rodríguez González, sen visado do colexio profesional.

1.2.- Acta de aliñación e rasante emitida polos servizos técnicos municipais con data 14.01.13.

1.3.- Informe de servizos urbanísticos da parcela emitido polos servizos técnicos municipais con data 23.11.12.

1.4.- Copia incompleta do documento de titularidade correspondente a tres das parcelas lindantes, cunha superficie total de 950,00 m². (2.453,13 m². segundo o proxecto técnico).

1.5.- Con data 18.01.13 achégase ó expediente o documento privado de compra da parcela n.º. 276 do polígono 7 cunha superficie de 154 m².

2.-INFORME TÉCNICO:

2.1.- Conforme o proxecto técnico e a información do catastro que se achega, as parcelas de orixe son a n.º. 276 e a n.º. 41 do polígono 7.

2.2.- Segundo os documentos de titularidade achegados ó expediente, existen ata 4 parcelas diferenciadas:

- Da parcela 276 do polígono 7, achégase un documento privado de compravenda, indicando unha superficie de 154 m² (216,00 m², segundo o catastro).
- A parcela n.º. 41 do polígono 7 do catastro, segundo o título de propiedade aportado, estaría conformada por 3 fincas diferenciadas inscritas no rexistro da propiedade, con algunhas incongruencias na descrición dos lindes e unha superficie total de 950 m². (2345,00 m². segundo o catastro).

2.3.- A descrición das parcelas de orixe no proxecto técnico presentado corresponden sensiblemente coas parcelas recollidas no catastro. Existe unha pequena diferenza na superficie total que segundo o proxecto técnico é de 2.453,13 m². fronte ós

2.561,00 m². que figuran na descrición catastral. Esta diferenza de superficie enténdese como normal tendo en conta as distintas escalas de traballo. Os efectos deste expediente se considerará unicamente a superficie que figura no proxecto técnico presentado.

2.4.- A parcela nº. 276 está integramente ubicada no ámbito do Núcleo Rural da Gándara. Está clasificada no planeamento vixente como **Solo Non Urbanizable de Núcleo Rural**, unha pequena parte, cara o leste, está cualificada coa ordenanza nº. 9 e o resto, situado na área de tolerancia do núcleo, está cualificada coa ordenanza nº. 9-B .

2.5.- A parcela nº. 41 está situada na súa maior parte dentro do ámbito do Núcleo Rural da Gándara e ten unha pequena parte, cara o oeste, clasificada como solo rústico. A zona dentro do núcleo, está clasificada polo planeamento vixente como **Solo Non Urbanizable de Núcleo Rural**, e o resto como **Solo non urbanizable sen especial protección**. A parte da parcela situada dentro do núcleo, a súa vez, está cualificada en parte coa ordenanza nº. 9, e o resto, situado na área de tolerancia do núcleo, coa ordenanza nº. 9-B. Na zona, cualificada con ordenanza nº. 9 existen sobre a parcela unha vivenda unifamiliar e varias edificacións auxiliares.

2.6.- Segundo establece a Disposición transitoria primeira da LOUGA, o solo incluído no ámbito dos núcleos rurais tradicionais delimitados ao abeiro da Lei 11/1985, de adaptación da do solo a Galicia, na delimitación dun núcleo rural segundo a Lei 1/1997, do solo de Galicia, ou na da súa área de influencia, ou na de expansión delimitada ao abeiro da Lei 9/2002, do 30 de decembro, aplicaráselle o réxime definido no apartado e) desta disposición transitoria.

2.7.- Conforme se establece na INSTRUCIÓN 1/2011 do 12 de abril de 2011, apartado 3.4, a área de tolerancia e a área de influencia entenderanse aquí como conceptos sinónimos.

2.8.- As condicións da ordenanza nº. 9 e 9-B do planeamento vixente son iguais ou máis restritivas que os parámetros sinalados na disposición transitoria da lei e prevalecen conforme indica o apartado 3.6 da antedita instrución.

2.9.- A superficie total da parcela matiz é segundo o proxecto técnico de 2.453,13 m². linda con camiño público en todo o seu linde norte e oeste. (1.104 m². segundo a documentación de titularidade aportada).

2.10.- Conforme o proxecto técnico unha vez agrupadas as parcelas existentes se segregan en dúas parcelas denominadas PARCELA A e PARCELA B.

2.11.- A parcelación proposta cumpre coas indicacións sinaladas no apartado 2.3.7 das normas urbanísticas do PXOU e cos artigos 204 e 205 da LOUGA.

2.12.- Non se realiza ningunha segregación da zona da parcela clasificada como solo rústico.

2.13.- As parcelas de resultado quedan como se indica ó seguir:

	Edif. exist.	SNR 9	SNR 9B	S. RUST.	S.NETA total	CESIÓN total	S.TOTAL	
PARCELA A		bruta 949,48 neta 922,69	51,14		969,49	31,13	1.000,62	m2
PARCELA B		3,34	bruta 1.134,54 neta 1.012,71	314,63	1.315,42	137,09	1.452,51	m2
Total ocupación	270,72 m2							
Total edificado	367,32 m2							
TOTAL							2.453,13	m2

2.14.- Parcelas de resultado conforme normativa urbanística de aplicación. A comprobación da ordenanza realizase sobre a ordenanza principal das parcelas de resultado.

PARCELA A

ORD. N.º. 9. SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL- LEI 9/2002 , sup 949,48 m2			
ORD. N.º. 9-B. SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL- LEI 9/2002 , sup 51,14 m2			
A comprobación realizase sobre a ordenanza principal da parcela de resultado. ORD. N.º. 9			
ORDENANZA	P.X.O.U.	PROXECTO	OBSERV
PARCELA MÍNIMA	600,00 m ²	(bruta) 949,48 m ² (neta) 922,69 m ²	CUMPRE
TIPOLOXÍA	VIVENDA. UNIF.	construc. existentes	CUMPRE
EDIFICACIÓN	B+I+Bc	B+I+Bc	CUMPRE
EDIFICABILIDADE	0,40 m ² /m ²	0,386m ² /m ²	CUMPRE
ÍNDICE OCUPACIÓN	30,00%	29,34%	CUMPRE
RECUAMENTOS	A LINDEIRO	3,00 m	existente
EDIFICACIÓN	A VÍA PÚBLICA	Aliñación ou 4 m ó eixo	existente
RECUAMENTO PECH	A EIXO VÍA	Aliñación ou 4 m ó eixo	aliñación
SUP. CONSTRUÍDA TOTAL	edificación existente	367,32,00 m ²	

PARCELA B

ORD. N.º. 9-B. SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL- LEI 9/2002 , sup 1315,42 m2			
ORD. N.º. 9. SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL- LEI 9/2002 , sup 3,34 m2			
Solo non urbanizable sen especial protección., sup 314,63			
A comprobación realizase sobre a ordenanza principal da parcela de resultado. ORD. N.º. 9-B			
ORDENANZA	P.X.O.U.	PROXECTO	OBSERV
PARCELA MÍNIMA	1.000,00 m ²	(bruta) 1.134,54 m ² (neta) 1.021,71 m ²	CUMPRE
TIPOLOXÍA	VIVENDA. UNIF.	---	---
EDIFICACIÓN	B+I+Bc	---	---
EDIFICABILIDADE	0,40 m ² /m ²	--- m ² /m ²	---
ÍNDICE OCUPACIÓN	30,00%	--- %	---
RECUAMENTOS	A LINDEIRO	3,00 m	---
EDIFICACIÓN	A VÍA PÚBLICA	Aliñación ou 4 m ó	---

		eixo		
RECUAMENTO PECHE	A EIXO VÍA	Aliñación ou 4 m ó eixo	aliñación	CUMPRE
SUP. CONSTRUÍDA TOTAL			--- m ²	---

3.- CONCLUSIÓN:

3.1.- Por todo o expresado anteriormente o informe técnico emitido considerase **favorable** a agrupación e segregación propostas no proxecto técnico presentado.

3.2.- Os servizos xurídicos avaliarán a idoneidade da documentación de titularidade da propiedade aportada coa solicitude de licenza de segregación.

3.3.- A autorización para a parcelación non implica en ningún caso autorización de edificación.

3.4.- Sen prexuízo do citado anteriormente a Comisión de Urbanismo co seu criterio superior decidirá.

INFORME XURÍDICO 08-02-2013:

Conta co informe xurídico **favorable** subscrito polo asesor xurídico D. Carlos Potel Alvarelos, quen indica que en ningún caso autoriza a edificar, e sempre e cando tal licencia se condicione a súa eficacia o cumprimento dos seguintes condicionantes:

1º.-) *Tramitar o correspondente expediente, dentro dos legalmente admitidos en dereito (expediente de dominio ou acta de notoriedade), tendente a regularizar a maior cabida detectada nas parcelas a agrupar e que tal maior cabida sea inscrita no Rexistro da Propiedade.*

2º.-) Proceder a agrupación das catro parcelas obxecto do expediente, con carácter previo a parcelación, mediante o outorgamento da correspondente escritura de agrupación da parcela matriz, na que se reflexe xa a maior cabida resultante do expediente antesdito.

Tales condicións deben recollese expresamente no texto da licencia, advertindo o titular da mesma que a licencia non terá eficacia algunha sen o cumprimento das mesmas.

INFORME COMISIÓN DE URBANISMO: 28-02-2013.

Conta con informe **favorable**.

A Xunta de Goberno Local, vista a documentación aportada polo solicitante, así como os informes realizados polo Arquitecto Municipal e do asesor xurídico, acorda acceder á segregación de dita parcela nos termos sinalados.

PUNTO 6.- OBRAS MAIORES

A Xunta de Goberno Local, tralo informe do arquitecto técnico do Concello, acorda acceder ó solicitado polas persoas que se citan, tendo que cumprilo interesado as seguintes condicións:

1.- De conformidade co disposto no decreto 311/93, a vivenda terá que obter deste Concello, trala visita e informe técnico para o respecto, A LICENCIA DE 1ª OCUPACIÓN, requisito indispensable para ocupa-la vivenda; trámite este que se producirá con independencia da presente licencia, e que terá que ser solicitada ó Concello por vía de instancia oficial, facendo constar que a inexistencia da licencia de 1ª ocupación non permitirá a conexión ós servicios de auga, luz, etc., tendo que ser solicitados os citados servicios a través da correspondente instancia ó Concello, e unha vez obtida a licencia de 1ª ocupación.

2.- O titular da presente licencia de obras terá que colocar a pé de obra un cartel indicativo da mesma, de 1,20 x 0,85 mts, co núm. de licencia, data do seu outorgamento, redactor do proxecto e aparelador, así como nome e apelidos do propietario e mailo contratista da obra.

3.- A presente licencia caducará:

- Se transcorresen seis meses sen que as obras fosen iniciadas.
- Se as mesmas non se rematasen no prazo de 3 anos.

Ámbolos dous prazos contaránse a partir do día seguinte á notificación da presente licencia.

4.- Acórdase a aprobación provisional do Imposto de Construcións e Obras e Taxa de Licencia de Obras, segundo a autoliquidación practicada, podendo ser a mesma revisada polo Concello.

5.- As obras teránse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (Condicións das obras en relación coas vías e servicios públicos) e 2.5.14 (valado das obras) recollidas no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

6.- As obras autorizadas só poderán ser realizadas por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.

7.- Unha vez iniciadas obras e inmediatamente despois do enrase e formigonado da cimentación, polo propietario ou no seu caso polo contratista, solicitarase do concello a presenza do técnico municipal, para revisa-lo axeitado das obras á licencia concedida, o que se volverá a realizar unha vez executada a cubrición.

8.- A licencia outórgase sen prexuízo de terceiros.

A COMUNIDADE DE PROPIETARIOS "EDIFICIO CONCEPCIÓN ARENAL, 24" REPRESENTADO POR D. ALBERTO ÁLVAREZ PORTELA, R.E. Nº. 222 DE DATA 15 DE XANEIRO DE 2013, E CON DOMICILIO NA URBANIZACIÓN RIO MIÑO-O PASAXE (BLOQUE 7-A9 DE A GUARDA-C.P. 36788, PARA INSTALACIÓN DE "ASCENSOR" EN EDIFICIO DE VIVENDAS E BAIXOS COMERCIAIS DESARROLLADO EN (PLANTA BAIXA, PLANTA PRIMEIRA, PLANTA SEGUNDA, PLANTA TERCEIRA, PLANTA CUARTA E PLANTA QUINTA), SITO NA RÚA DE CONCEPCIÓN ARENAL Nº. 24, EN SOLO

URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.) "EDIFICACIÓN EN BLOQUE CERRADO".

A D^a. MARÍA DEL PILAR VILLA CASTRO E D. ALVARO MARTÍNEZ CARRERO, R.E. Nº. 3.633 DE DATA 8 DE XUÑO DE 2012 E CON DOMICILIO NA RÚA DE CARRETERA CAMPOSANCOS Nº. 110-1º DE A GUARDA-C.P. 36788, PARA "LEGALIZACIÓN E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR" DESARROLLADA EN (PLANTA SEMISOTO E PLANTA BAIXA), SITA NA RÚA DE SAA Nº. 4, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE "CAMPOSANCOS" (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

Respecto desta licenza a Xunta de Goberno Local acorda levanta-la orde de paralización das obras acordada por Decreto da Alcaldía de 3 de maio de 2012 e que se remita copia de dita licenza á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística ós efectos oportunos.

PUNTO 7.- PROXECTO DE EXECUCIÓN

Lese o escrito RE 1.180 de data 6 de marzo de 2013, presentado por D. IGNACIO MARTINEZ RODRÍGUEZ, con enderezo na rúa Calvario, nº 1-2º da Guarda, solicitando a aprobación do proxecto de execución de piscina para unir ao expediente de licenza urbanística concedida no seu día co número 129/2012 para construccción de piscina sita na rúa Subida ó Torroso, nº 41 en Solo Non Urbanizable de Nucleo Rural de Rosentes dda Parroquia de Salcidos.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do arquitecto municipal de data 7 de marzo de 2013, acorda acceder a aprobación do proxecto de execución.

PUNTO 8.- CAMBIO TITULARIDADE DE LICENCIA DE APERTURA

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servizos Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de cambio de licenza municipal promovida por DNA. LUCIA LOMBA GOMEZ (RE 701 de 06.02.2013), para o local dedicado a actividade de CAFÉ-BAR (Epig. 673.2) sito na rúa Galicia, nº 81-baixo que antes figuraba a nome de INFA BAI, S.L..

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servicios técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA :

Conceder a DNA. LUCIA LOMBA GOMEZ cambio de titularidade na licenza municipal que antes figuraba a nome de INFA BAI, S.L. para o local dedicado a actividade de CAFÉ - BAR (Epig. 673.2) sito na rúa de Galicia, nº 81-baixo de A Guarda.

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de cambio de licenza municipal promovida por DNA. PATRICIA RODRIGUEZ MENESES (RE 1.208 de 07.03.2013), para o local dedicado a actividade de COMERCIO MENOR LIBROS, PERIODICOS E REVISTAS (Epig. 659.4) sito na rúa de Circunvalación, nº 9-baixo que antes figuraba a nome de Maria Cadilla Alonso.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servicios técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA :

Conceder a DNA. PATRICIA RODRÍGUEZ MENESES cambio de titularidade na licenza municipal que antes figuraba a nome de Maria Cadilla Alonso para o local dedicado a actividade de COMERCIO MENOR LIBROS, PERIODICOS E REVISTAS (Epig. 659.4) sito na rúa de Circunvalación, nº 9-baixo de A Guarda.

PUNTO 9.- LICENCIA DE APERTURA

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licenza municipal promovida por DNA. Mª DEL MAR PORTELA MARTINEZ (RE 141 de 10/01/2013) para a apertura dun local dedicado á actividade de TINTE, LIMPEZA EN SECO, LAVADO E PLANCHADO (EPIG. 971.1) situado na rúa de Cocepción Arenal, nº 34-baixo.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servicios técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, ACORDA :

Conceder a DNA. MARÍA DEL MARPORTELA MARTINEZ licenza municipal nº 6/2013 para a apertura dun local dedicado á actividade de TINTE, LIMPEZA EN SECO, LAVADO E PLANCHADO (EPIG. 971.1) situado na rúa de Cocepción Arenal, nº 34-baixo (TINTORERÍA MOISES).

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licencia municipal promovida por DNA. PLACER FERNANDEZ CASALEIRO (RE 704 de 06/02/2013) para a apertura dun local dedicado á actividade de DESPACHO DE PAN E LEITE (EPIG. 644.1) situado na rúa de Tomiño, nº 1-baixo.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servicios técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, ACORDA :

Conceder a DNA. PLACER FERNANDEZ CASALEIRO licencia municipal nº 7/2013 para a apertura dun local dedicado á actividade de DESPACHO DE PAN E LEITE (EPIG. 644.1) situado na rúa de Tomiño, nº 1-baixo (NATA Y CHOCOLATE).

Sendo as trece horas do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretario dou fe.